

PROCESO DE ADMISIÓN

CURSO 2024/25

NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

- *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).*
- *Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-25 Anuncio sorteo público anual das letras de prioridade para resolver os empates no procedemento de admisión de alumnado no curso 2023/24*
- *Anuncio sorteo público anual das letras de prioridade para resolver os empates no procedemento de admisión de alumnado no curso 2024/25.*
- *Resolución do 27 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que fai referencia o artigo 34 da orde do 21 de outubro de 2022.*

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS

CURSO	VACANTES
1º ESO	13+7 Reserva alumnado NEAE
2º ESO	21
3º ESO	26
4º ESO	21
1º BACH CIENCIAS E TECNOLOXÍA	2
1º BACH HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	0
2º BACH CIENCIAS E TECNOLOXÍA	32
2º BACH HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	12

CALENDARIO DE ADMISIÓN

Presentación de solicitudes de admisión	Do 1 ao 20 de marzo
Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados, no caso de que o centro comunique que as prazas dispoñibles non son suficientes.	10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao do remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión
Publicación da listaxes provisional do alumnado admitido e non admitido	25 de abril
Reclamacións á listaxe provisional	5 días hábiles, contados a partir do seguinte á data de publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido.
Publicación da listaxe definitiva	15 de maio
Recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial	Un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación
Formalización de matrícula de educación secundaria obrigatoria e bacharelato	Do 23 de xuño ao 7 de xullo

NOTA INFORMATIVA

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

Artigo 5

- 1. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.*

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

- 2. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.*
- 3. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.*

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.


A admisión e a matriculación nun centro docente público implicará respectar o proxecto educativo do centro.

CENTROS ADSCRITOS

- C.E.I.P. PEDRO BARRIE DE LA MAZA
- C.E.I.P SADA E CONTORNOS
- IES "O MOSTEIRÓN" (Bacharelato)

ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO EN CADA UNHA DAS ENSINANZAS IMPARTIDAS E ÁREAS LIMÍTROFES

A área de influencia é o conxunto de todas as direccións catastrais nas que se obtén a máxima puntuación polo criterio de proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo das/os nais/país ou representantes legais. Delimitadas no ámbito das xefaturas territoriais.



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS POLO CENTRO

O centro ofrece o servizo de transporte escolar.

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

Artigo 4.

1. O alumnado que queira acceder aos servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar deberá indicalo no recadro correspondente do modelo normalizado de solicitude de reserva (ED550A-anexo I), de admisión ordinaria (ED550B-anexo II) ou cando se matricule en educación secundaria obrigatoria.

2. O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar que non estea na área de influencia que lle corresponda (domicilio familiar ou lugar de traballo das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras) non terá dereito aos servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar.

3. Excepcionalmente, terán dereito a estes servizos as irmás e os irmáns do alumnado xa escolarizado no centro con carácter forzoso.